

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## CURSO 2013-14



Aprobada o 7 de outubro do 2013

## **1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO**

### **1.1.DATOS BÁSICOS**

Centro: C.R.A. Ponte da Pedra

Código do centro:15032251

Enderezo:Rúa Vazquez de Parga 119- Bloque 2 1º D

Teléfono/Fax:981-703403

Enderezo de correo electrónico:cra.ponte.pedra@edu.xunta.es

Localidade: Carballo

Concello: Carballo

Provincia: A Coruña

### **1.2.UNIDADES EN FUNCIONAMENTO E AGRUPAMENTO DE ALUMNOS**

O Colexio Rural Agrupado C.R.A. “ Ponte da Pedra”, conta con :

- 4 Unidades de Educación Infantil
- 2 Unidades de Educación Primaria (1º Ciclo)
- 3 Unidades mixtas de Educación Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria das cales

unha está catalogada de Primaria.

Estas unidades están distribuídas en sete escolas co seguinte agrupamento de alumnos:

		ED. INFANTIL			PRIMARIA		
ESCOLAS	TOTAL	4º	5º	6º	1º	2º	
ARTES		19	2	2	6	5	4
BERDILLO	E.I.	19	7	6	6	-	-
	E.P.	15	-	-	-	7	8
CANCES		16	4	-	7	1	4
MIRÓN		20	10	1	9	-	-
REGA		20	6	7	7	-	-
SÍSAMO	E.I.	20	5	11	4	-	-
	E.P.	12	-	-	-	4	8
XOANE		21	6	7	3	4	1

### 1.3.INSTALACIÓNS

#### 1.3.1. Relación de edificios

Un local destinado a sede localizado en dous vivenda de mestres .

Nunha vivenda contamos con catro dependencias, dúas destinadas a despachos, unha a sala de profesores, e unha dependencia que conta con multicopista, fotocopiadora e plastificadora..Nestas dependencias da sede contamos cun ordenador

con conexión a internet, en cada despacho, e un a disposición dos mestres onde se ubica a fotocopiadora .

Na outra vivenda dispoñemos pequena biblioteca infantil para uso en préstamo de tódalas escolas. Tamén cunha sala de material funxible, sala de mestres e un recuncho onde se almacenan os recursos (de Tics, educación física...)

Sete escolas unitarias :

1. Escola de Artes.
2. Escola de Cances
3. Escola de Mirón de Bertoa
4. Escola de Rega de Bertoa
5. Escola de Sísamo- Vilares
6. Escola de Verdillo .
7. Escola de Xoane da Estrada

#### 1.3.2. Situación das instalacións e equipamento

Tódalas escolas precisan mellorar:

Compre añadir, que aínda que moitas dos arranxos que se van facendo son grazas aos veciños das escolas, os pais, que coas súas protestas e coa súa colaboración, as escolas vanse arranxando.

- Rematar a mellora das instalacións eléctricas ( Rega e Xoane)
- **Aumentar o número de días e horas de limpeza nas aulas, naquelas que non pertence a empresa de ASPABER (Sísamo, Xoane, Mirón e Cances)** Así como unha maior efectividade da mesma. Seguimos a solicitar unha limpeza digna para todas as aulas que compería todos os días da semana en todas as escolas non é algunhas como se ven facendo. Ademais, hai que ter en conta

que nos últimos anos o número de alumnos aumentou de maneira que o tempo de limpeza de cada aula debería ser maior.

- Vaciar asiduamente as papeleiras de fora (dos patios)
- Pintado interior e exterior dalgunhas escolas.
- Dotar ás escolas dun bo sistema de calefacción novo. Durante o curso escolar 2007-2008 o Concello instalou radiadores de calor azul nas escolas, colocando un radiador en cada escola. Isto é insuficiente debido as características dos edificios (hai moita humidade...), sobre todo nas escolas de Berdillo, Artes, Rega e Xoane.
- Cambiar o cha de area dos columpios por un chan de cortiza
- Solicítase ao Concello unha revisión de todas as porterías e as canastas que hai nas escolas de Sísamo, Rega, Mirón e Cances, polo perigo que constitúen.

Necesidades por escolas:

**Escola de Artes:**

- Cortar as silvas da finca colindante do patio
- O tellado do pozo, moveuse, e solictamos a súa reparacións
- Reparación da Uralita do tellado do patio cuberto

**Escola de Berdillo:**

- Cambio ou selado das ventás, xa que tal e como están o calor dos radiadores escapa por todas partes
- Protexer as esquinas do cruceiro que hai no patio
- Arranxar o cuarto pequeno para que se poida dar dignamente os apoios o alumnando ANEAE
- Arranxar a verxa e muro de fora

- Arranxar o canalón
- Cambio das cisternas

#### **Escola de Cances:**

- Mellora do chan da entrada que produce moita condensación e os rapaces esvaran
- Delimitar o recinto escolar. O estar ó carón o centro social ás veces es un ir e vir de coches co peligro que supón.
- Maior limpeza en as dúas aulas (na de abaixo houbo cucarachas e recordamos que se segue a usar para facer educación física, horas de relixión...)
- Protexer o precipio que hay o caron da cancela pequena que da a estrada
- Abrir una porta para o local da asociacion de veciños (para que os nenos non se mollen para cambiar de aula)
- Cortar as silvas

#### **Escola de Sísamo:**

- Cambio das Tapas dos urinarios
- Cambio nas cisternas

#### **Escola de Xoane:**

- Arranxar problema da auga
- Cambiar a almabrada do muro de fora por deterioro
- Solventar o problema de suministro de auga que impide a hixiene dos nenos, dos sanitarios asi como da aula.
- Cementar cun firme liso a entrada da escola

- Quitar os pinos dos patio
- Cambiar as portas dos baños
- pintar o patio cuberto

#### **Escola de Rega:**

- Pintado urxente da escola
- Arranxar a pista que hai detras do edificio. Os nenos/as caen e magullanse constantemente por mor das pedras e o firme que está desgastado
- Reponer un contenedor roubado
- Reparar o tellado de uralita da entrada
- Cortar silvas que entran o recinto escolar dos solares colindantes.

#### **Escola de Mirón:**

- Cementar o acceso a escola

#### **Sede**

- Pintar vivenda onde están os despachos
- Cambiar la cisterna de auga que non chea

## **2.ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

### **2.1.PERSOAL**

<b>Persoal Docente</b>	
Destino definitivo	13
Destino provisional	3
Contratado (mestre Relixión)	1
Compartidos (con base noutro centro)	2

con CEIP Nétoma-Razo	
con CEIP San Luis Romero	
TOTAL	19

## 2.2.ÓRGANOS DE GOBERNO

### 2.2.1.Órganos unipersoais

Directora: Fernández Blanco, Pilar

Xefa de Estudos: López Vilariño, Mónica

Secretario: Jesús Ramón Prado Lorenzo

### 2.2.2.Órganos colexiados:

#### · Claustro de mestres/as

<b>Claustro</b>	
María Teresa	T. Cances
Salgado Alfonso, Amelia	T. Mirón
Teixeira Lastres Lourdes	T. Rega (Bértoa)
Vara Ogando, Mar	T. Artes
Jesús Ramón Prado Lorenzo	T.Xoane
Romero Mouriño, M <sup>a</sup> Luisa	T. Berdillo EI
Cascón Bravo, M <sup>a</sup> Concepción	T.Berdillo EP
Vázquez Vázquez, Isabel M <sup>a</sup>	T. Sísamo EP
Gema Vázquez Candal	T.Sísamo EI
Fandiño Gantes-García, M <sup>a</sup> del Rocío (En Comisión de Servicios) Sustitúe: Carballido Ponte, Jose Luís	Música
Castro Suarez, Beatriz	Inglés
Manteiga vázquez, Sergio	Educación Física
Mónica López Vilariño	E. Apoio Infantil
Fernández Blanco, Pilar	Peda. Terapéutica



Mar (compartida)	Audición e Linguaxe
Lucía (compartida)	Orientadora
Santos Seijo, Ramón José	Relixión
Barral Seijas, Leticia	Apoio Infantil
González Fernández, M <sup>a</sup> Belén	Apoio Infantil

· **Consello escolar**

<b>Consello escolar</b>	
Pilar Fernández Blanco	Presidenta
Jesús Ramón Prado Lorenzo	Secretario
Mónica López Vilariño	Xefa de Estudos
<b>Representantes de mestres/as</b>	
Beatriz Castro Suarez	Inglés
Ramón Santos Seijo	Relixión
Lourdes Teixeira Lastres	Titora de Rega
<b>Represantes de pais/nais</b>	
Beatriz Varela	Cances
Rosa Baldomir	Sísamo
Ana Couto	Berdillo
Laura Fernández	
Orlando Fariña	Representante da ANPA
<b>Representantes do Concello</b>	
Eirís Villar , Mar	Concelleira Educación

**2.3.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

2.3.1. Equipos de Ciclo

· EDUCACIÓN INFANTIL

COORDINADORA: Teixeira Lastres Lourdes

Teixeira Lastres Lourdes

Salgado Alfonso, Amelia

Gema Vázquez Candal

María Teresa Rodríguez Rama

Mónica López Vilariño

Pilar Fernández Blanco

Barral Seijas, Leticia

Roemro Mouriño, M<sup>a</sup> Luisa

González Fernández, M<sup>a</sup> Belén

### · 1º CICLO DE PRIMARIA

COORDINADORA: Castro Suárez, Beatriz

Vázquez Vázquez, Isabel M<sup>a</sup>

Vara Ogando, Mar\_

Castro Suárez, Beatriz

Cascón Bravo, M<sup>a</sup> Concepción

Carballido Ponte, Jose Luís

Prado Lorenzo, Jesús R.

Manteiga Vázquez, Sergio

### 2.3.2.Comisión de Coordinación Pedagógica

Mestres/as	Cargo
Fernández Blanco, Pilar	PRESIDENTA
Mónica López Vilariño	Xefa de estudos
Lucía	Orientador-
Gema Vázquez Candal	Coord.. ENDL
Mar	A.L.
Lourdes Lastres Teixeira	Coord. E.Infantil
Beatriz Castro Suárez	Coord. E.Primaria
Cascón Bravo, M <sup>a</sup> Concepción	Coord. Bilbioteca
Prado Lorenzo, Jesús R.	Coord. Tics

### 2.3.3.Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

COORDINADORA: Gema Vázquez Candal

Carballido Ponte, Jose Luís

Romero Mouriño, M<sup>a</sup> Luisa

#### 2.3.4. Departamento de Orientación

Lucía Feijoo Míguez .....Orientador

Fernández Blanco, Pilar.....Profesora de Pedagogía Terapéutica

Mar García Arijón.....Profesor de Audición e Linguaxe

Beatriz Castro Suarez.....Coordinadora de 1º Ciclo de Primaria

Lourdes Lastres Teixeira.....Coordinadora de Educación Infantil

#### 2.3.5. Equipo de Actividade Complementarias e Extraescolares

COORDINADOR: Santos Seijo, Ramón

Santos Seijo, Ramón

Vázquez Vázquez, Isabel

Mar Vara Ogando

López Vilariño, Mónica

Manteiga Vázquez, Sergio

Salgado Alfonso, Amelia

#### 2.3.6. Proxecto Lector (Biblioteca)

COORDINADORA : M<sup>a</sup> Concepción Cascón

Teixeira Lastras, Lourdes

Castro Suárez, Beatriz

González Fernández, M<sup>a</sup> Belén

### 2.3.7. Plan TIC :

COORDINADORA: Prado Lorenzo, Jesús R.

M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Rama

Fernández Blanco, Pilar

Barral Seijas, Leticia

## **3.OBXETIVOS XERAIS DO CENTRO**

Os nosos obxectivos están encamiñados fundamentalmente a acadar unha mellor organización e coordinación entre tódalas escolas e profesorado que compoñen o C.R.A., xurden a partir das necesidades do CRA e das propostas de mellora nomeadas na Memorial Anual do curso pasado.

En concreto este curso traballaremos en :

1. Traballar na consecución dos obxectivos dos proxectos: Plan de Acción Titorial, P. Sociolingüístico, P. Lector-Biblioteca, P. TIC, así como dos P.Lingüísticos de Centro e o Plan de Convivencia Escolar.
2. Asegurar a coherencia e concreción das programacións didácticas de aula coas programación de ciclo, co Proxecto Educativo e a realidade de cada aula,

así como a coordinación entre os ciclos, moi importante e difícil pola nosa ideosincrasia.

3. Coordinar co Concello e cos pais e asociacións de veciños todas as intervencións que sexan necesarias para a mellora das instalacións do C.R.A. tanto nas escolas coma no local da sede.
4. Favorecer e apoiar as iniciativas do claustro que se decidan favorables para o funcionamento do C.R.A.
5. Coordinar a través das reunións de directores cos outros centros de Carballo así coma cos C.R.A.S. de outros Concellos de Galicia
6. Colaborar cos pais/nais para mellorar a organización das actividades complementarias
7. Colaborar co Departamento de Orientación para a atención a diversidade no centro e asesoramento cos outros titores e demais mestres, así como para ter unha educación de igualdade entre sexos e unha boa convivencia no centro.
8. Dinamizar e facilitar a organización da formación permanente dos mestres, sobretudo na realización dos grupos de traballo que se van a realizar este ano
9. Fomentar e dinamizar a participación das familias na vida educativa a través da Asociación de Nais e Pais
10. Favorecer as canles de comunicación coa ANPA, coordinandonos e colaborando nas actividades complementarias e extraescolares que están programadas nesta PXA ou poidan ser organizadas.
11. Colaborar con todos aqueles proxectos que podan xurdir o longo do curso.

#### **4.PROXECTOS DAS UNIDADES ORGANIZATIVAS**

#### **4.1 PROXECTO DO EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Composición:.

Coordinadora: Continua por segundo ano Dña. Lourdes Teixeira Lastres como coordinadora do ciclo de EI.

Reunións: levaranse a cabo o primeiro luns de cada mes.

Obxectivos:

- Debater e realizar propostas desde o ciclo que contribúan a mellora do funcionamento e coordinación do Centro.
- Comunicar aos titores as decisións tomadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Traballar de forma coordinada en prol dunha intervención efectiva e coherente respectos aos alumnos.
- Revisar e actualizar os boletíns de comunicación as familias.
- Elaborar de xeito coordinado un material axustado as nosas necesidades educativas, desenvolvendo o currículo da Educación Infantil e adaptándoo as particularidades do noso alumnado

Participarase así mesmo en todas aquelas actividades propostas polos diferentes equipos e órganos que compoñen o CRA, se aproben para esta PXA así como aquelas que durante o curso escolar poidan ser ofertadas polo Concello, que atopemos de interese e sexan axeitadas para o noso alumnado.

**Período de Adaptación:**

Contamos con alumnado de tres anos, para o cal se establecen condicións que facilita nos primeiros contactos co centro educativo:

- Facilitamos a flexibilidade do horario: os primeiros días permaneceran na aula menos tempo, para ilo aumentando pouco a pouco ata conseguir a permanencia durante toda a xornada, prevista para o 24 de setembro. Este período de adaptación e anunciado cando as familias dos nenos/as fan a formalización da matrícula, no final do curso anterior, para que poidan prever a súa conciliación familiar-escola
- Prolongación do tempo de recreo.

A programación das primeiras semanas vai enfocada a actividades adaptadas a adquisición das rutinas básicas por parte dos novos alumnos e alumnas. Nestas semanas adicaremosnos a organizar a actividade escolar e a indicar nas normas que se deben cumprir ao longo curso.

A unidade inicial esta pensada para que os nenos e que as nenas se vaian adaptando a vida escolar. Ademais, ofrece e suxire unha serie de xogos para que a entrada no colexio se realice dunha maneira alegre e divertida e para que axuden os pequenos e as pequenas a tomar confianza co contorno e cos seus novos compañeiros e compañeiras así como co mestre e a mestra, e ao mesmo tempo se vaian familiarizando cos materiais, cos espazos da clase, coa dinámica do grupo, coas rutinas diarias...

Na escola infantil os nenos inician un camiño da súa autonomía, aprendendo a facer por eles mesmos, ensínalle todo tipo de hábitos, por eso requírese que nesta incorporación a vida escolar teñan adquirido o control de esfínteres e non usen cueiros.

#### **4.2.PROXECTO DO EQUIPO DE 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Composición: Ver punto 2.3.1.

Coordinadora: Dna. Beatriz Castro Suárez

Reunións: As reunións de ciclo levaranse a cabo o primeiro luns de cada mes.

Obxectivos:

- Dar a coñecer a tódolos titores/as as decisións tomadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elaborar as programacións de ciclo, adaptádoas ó Proxecto Curricular do Centro.
- Traballar cooperativamente co fin de establecer unhas pautas comúns de actuación no ciclo, aínda que tendo en conta as peculiaridades de cada unha das escolas.
- Favorecer o intercambio de experiencias e material didáctico entre os mestres do ciclo.
- Elaborar materiais en común de apoio, reforzo e ampliación adaptados ás necesidades particulares do noso Centro.
- Contribuír ó desenvolvemento do Proxecto Lector elaborado no Centro.
- Participar nas actividades propostas polos distintos equipos.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de convivencia.
- Promover unha maior coordinación entre o ciclo de Ed. Infantil e o de Ed. Primaria.
- Fomentar o uso das TICs nas aulas.

#### **4.3 PROXECTO DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**



As propostas establecidas dende este departamento están encamiñadas a potenciar e fomentar o uso do galego en todo o ámbito escolar, establecendo así mesmo unha estreita e continua relación dos distintos equipos de ciclo, departamentos e diversos estamentos socio-educativos e culturais.

As funcións do departamento van orientadas a coordinar, colaborar, participar, xestionar, e facilitar todas aquelas iniciativas que xurdan dende o propio departamento como tamén das institucións do noso entorno escolar.

Os obxectivos fundamentais do curso tendentes a normalización e dinamización da lingua galega serán os seguintes:

- Conseguir que toda a comunidade educativa coñeza de forma efectiva o seu dereito a expresarse en galego.
- Empregar o galego en toda clase de escritos: ás familias, á Administración, co Concello...
- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros e avisos.
- Colaborar nas actividades e conmemoracións anuais.
- Participar con outras institucións na promoción e fomento do galego.
- Avanzar na creación da páxina web do centro.
- Participar na elaboración dun blogue cos nenos e nenas de primeiro e segundo de primaria das distintas escolas, traballando desta maneira a expresión escrita.
- Realizar pequenas experiencias de Radio Escolar cos nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria das distintas escolas. Estas gravacións insertaríanse na páxina web do centro. Traballaremos deste modo a expresión oral.
- Elaborar materiais informáticos de produción propia en galego ( p.e.- contos en Power Point, actividades para o EDI...).
- Elaborar diversas unidades didácticas en galego versadas en temas como o “Entroido”, “ As letras Galegas”...
- Elaborar un libro viaxeiro entre todas as escolas do CRA.
- Elaborar e editar o número 12 da revista “ Galopín”, ou actividade complementaria

- Participar nas distintas festas e celebracións organizadas no centro participando con cancións, pequenas obras de teatro... e en todas aquelas que poidan xurdir durante o presente curso escolar.

### MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE IMPARTEN:

Baseándonos no marco legal ( Orde do 20 de Febreiro de 2004, que regula as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro), expóñense as medidas a adoptar cando un alumno descoñeza as dúas linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma:

1.- Avaliación Inicial do alumnado: cando un alumno se incorpore ao sistema educativo vaise levar a cabo unha avaliación inicial para poder así determinar as necesidades de cada alumno.

2.- Medidas de atención escolar: levaranse a cabo as seguintes medidas educativas de tipo curricular para a atención ás necesidades educativas específicas:

- Reforzo educativo.
- Adaptación curricular.
- Flexibilización da idade.

3.- Medidas de tipo organizativo:

- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupo de adquisición de competencia curricular.

A finalidade destas medidas é proporcionar unha atención individualizada ás necesidades educativas do alumnado como a súa familiarización coa vida do centro educativo.

#### **4.4.PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

##### **1. XUSTIFICACIÓN.**

O Departamento de Orientación (D.O.) do C.R.A. Ponte da Pedra (Carballo) é compartido co D.O. do C.E.I.P. Nétoma - Razo e a E.E.I. Encrucilladas (Razo). A Xefa do D.O. ten sede no C.E.I.P. Nétoma – Razo, a mestra de Pedagogía Terapéutica (P.T.) ten a sede no C.R.A. Ponte da Pedra e a mestra de Audición e Linguaxe (A.L.) ten base no C.E.I.P. San Luis Romero (Carballo).

Para o presente curso seguiranse as liñas trazadas nos cursos anteriores polo D.O. no C.R.A. Ponte da Arca, coas modificacións que se consideren axeitadas tendo en conta os resultados obtidos. Tamén hai que ter en conta que as persoas que compoñen o Departamento cambiaron o presente curso, polo que pode ser que se modifique algún enfoque.

A composición do D.O. segue o establecido polo Decreto 120/1998 (DOG. 27/04/1998) no seu Artigo 4º, polo que, tendo en conta ó persoal do centro, estará composto por:

- A xefa do D.O.
  
- A mestra de Pedagogía Terapéutica e Directora do Centro.
  
- A mestra de Audición e Linguaxe.
  
- A Coordinadora do 2º Ciclo de Educación Infantil.
  
- A Coordinadora do 1º Ciclo de Educación Primaria.

O centro conta na actualidade con alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria. A distribución do alumnado por niveis é a que segue:

- 1º Nivel do 2º Ciclo de E.I.: 40
- 2º Nivel do 2º Ciclo de E.I.: 34
  
- 3º Nivel do 2º Ciclo de E.I.: 42
  
- 1º Nivel do 1º Ciclo de E.P.: 21
- 2º Nivel do 1º Ciclo de E.P.: 25

O número total do alumnado do centro é de 162.

Respecto ó alumnado que presenta necesidades, dicir que é atendido pola mestra de Pedagogía Terapéutica (P.T.) e a mestra de Audición e Linguaxe (A.L.) na aula ordinaria e/ou na aula de apoio segundo se considere oportuno de acordo coas necesidades. Para que un alumno/a sexa obxecto de apoio por parte do mestre de P.T. ou A.L. é preciso que así o especifique o Informe Psicopedagóxico ou ben algún outro dos documentos oficiais do Departamento de Orientación.

Polo tanto, faise necesario organizar medidas específicas de atención á diversidade e medidas de reforzo educativo, sempre tendo en conta as necesidades presentes ou as que se poidan presentar.

## **2. ANÁLISE DAS NECESIDADES.**

No deseño do plan de traballo tómase como referente un modelo colaborativo e integrador no que se teñen en conta os elementos que interveñen no proceso educativo e o seu carácter interactivo.

Para levar a cabo este modelo no que se pretende implicar a toda a comunidade escolar e considerando que os axentes básicos de toda a actividade educativa é o profesorado - titor é polo que resulta fundamental para a labor orientadora contar coa súa colaboración, tanto no que se refire á orientación persoal como á orientación nos procesos de ensino - aprendizaxe. Esta colaboración concrétase, por unha banda, a través da potenciación e dinamización da función titorial entendida como facilitadora

dun mellor coñecemento do alumnado e, por outra banda, no que se refire ó proceso de ensino - aprendizaxe a través da axuda que se lle presta ó alumnado para que a súa aprendizaxe sexa máis eficaz e satisfactoria. Todo isto repercutirá, como consecuencia, nunha maior eficacia no desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Para o desenvolvemento do traballo utilizaranse unha serie de documentos internos coa finalidade de recoller información, rexistrar observacións, detectar problemática, rexistrar resultados de avaliacións académica e psicopedagóxica, facilitar pautas e tomar as medidas que se consideren máis oportunas.

Alén diso, considéranse imprescindibles as reunións periódicas, ben formais, ben informais co profesorado - titor, polo que a partir destas entrevistas xéranse as seguintes necesidades:

- Incidir na importancia da implicación das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, tanto os que presenten dificultades na adquisición de contidos coma nas competencias básicas ou calquera outra dificultade.
- Incidir na labor das familias na estimulación lingüística, social, cognitiva... dos seus fillos/as.
- Resolver os problemas de habilidades sociais de determinado alumnado, mediante o deseño de programas específicos, de ser preciso.
- Promover a elaboración de programas de atención, reflexividade, concentración e comprensión lectora.
- Incidir na acción titorial para traballar temas de interese, relacionados con aspectos formativos da educación, de hábitos, dos dereitos e dos deberes, técnicas e hábitos de estudo, habilidades sociais...
- Procurar canalizar as demandas do persoal do centro, deixando claras as funcións e cometidos do D.O.

Ademais, preténdese, por un lado, desenvolver actuacións preventivas e potenciadoras e, por outro, actuacións correctivas nos casos que así o precisen.

Ao mesmo tempo manterase unha estreita colaboración con outros servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado, cos servizos

sociais, de sanidade, etc, coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación e de evitar posibles disfuncións que se puideran producir por falla de coordinación.

### 3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos a acadar polo Departamento de Orientación pódense concretar nos que seguen, partindo de que o plan de actuación vai dirixido ás etapas educativas de E.I. e E.P. Considérase preferente centrar a intervención nas idades máis temperás e a acadar as competencias básicas.

Axustándose á realidade dun centro de E.I. e 1º ciclo de E.P., plantéxanse os seguintes obxectivos:

- Impulsar a colaboración e a coordinación entre o propio centro e o C.E.I.P. ó que está adscrito.
  - Coordinar as actuacións dos equipos de ciclo e facilitar a colaboración entre os seus membros.
  - Avaliar ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo para o deseño de programas de reforzo educativo e de atención á diversidade.
  - Coordinar en colaboración coas mestras de P.T. e A.L. a atención ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.
  - Participar na revisión dos proxectos do centro.
  - Elaborar de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica as propostas do Plan de Acción Titorial.
  - Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e titoría.
  - Colaborar co profesorado – titor e profesorado de área no deseño e execución de medidas de atención á diversidade, como é a Adaptación Curricular Significativa.
- Facilitar a colaboración entre os membros do Departamento de Orientación e os demais titores/as e especialistas.

- Colaborar en actividades interdisciplinares e nos traballos que se aborden sobre temas transversais.
- Favorecer a adquisición de hábitos de estudo por parte do alumnado.
- Proporcionarlle ó alumnado orientación académica.

- Contribuír a que a avaliación no centro sexa desenvolta segundo os principios de avaliación inicial, continua, formativa e orientadora.
- Divulgar materiais de apoio que poidan servir de referencia para a atención á diversidade.
- Facilitar a implicación das familias nos labores educativas do centro.
- Favorecer a colaboración cos recursos externos.

#### **4. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

Sen prexuízo das funcións establecidas na lexislación vixente, así como no Proxecto Educativo, o Departamento de Orientación dará prioridade durante o curso lectivo 2013-2014 ó establecido pola Circular 10/2010 na súa instrución cuarta. As accións prioritarias deste D.O. son as que seguen:

- Atención a toda a diversidade especialmente incidindo na prevención e identificación temperá de necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou de inclusión no sistema educativo.
- Asesoramento e colaboración no ámbito das competencias do D.O., na elaboración do Proxecto Educativo e, de ser o caso, aquel outros documentos do centro que o precisen.
- Asesoramento no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, facendo fincapé na incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, desenvolvemento da autoestima...
- Colaboración na elaboración do Plan de Atención á Diversidade do centro.

- Asesoramento, participación e colaboración no Observatorio de Convivencia e no deseño e desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro.
- Participación co profesorado - titor na revisión da documentación existente sobre o alumnado, facilitando información, documentación e material de apoio para o desenvolvemento da función titorial.
- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos dentro dunha escola plural.

- Formación permanente incidindo na investigación, experimentación e innovación do equipo docente.
- Promoción da participación e implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas.

## **5. PLAN E PROGRAMAS.**

Tendo en conta as características concretas deste centro, propóñense programas e plans de actuación concretos que abranguen a toda a poboación escolar (alumnado, profesorado e familias) tentando cumprir os principios de prevención, desenvolvemento e intervención. Estas serán as vertentes fundamentais a ter en conta nestes programas e a optimización dos procesos de ensino - aprendizaxe, promovendo o desenvolvemento das capacidades académicas por un lado e estimulando unha conduta emocional axeitada dos individuos coa pretensión de promover a súa madurez emocional por outro lado. Estas funcións anteriores fundamentaranse no obxectivo de potenciar as capacidades socio – afectivas do alumnado mediante accións relativas ó currículo, á orientación académica e outras actuacións específicas.

### **A. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (P.A.A.D.O.).**

- Introducción.

De conformidade co establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia



(DOG. 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG. 31/07/98), en relación á organización e funcionamento do Departamento de Orientación, establécense varios niveis de concreción na determinación das accións do D.O.:

- Os ámbitos de actuación establecidos nas funcións do departamento e que se explicitan na referida normativa.
- As instrucións da Administración Educativa que se concretan na Circular 10/2010 das Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- As liñas xerais dos diversos Plans e Programas do D.O.
- O Plan de Orientación do noso centro co correspondente Plan anual de actividades do Departamento de Orientación.

A elaboración do P.A.A.D.O. ven recollida na Orde do 24 de xullo de 1998, que no seu Artigo 11º .b) determina que é función da xefatura do Departamento de Orientación “responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Neste P.A.A.D.O. establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a pertinente temporalización. Non figuran os obxectivos porque xa están establecidos no Plan de Orientación. Inclúe tamén o horario da xefa do D.O. e o seguimento e avaliación do propio Plan.

En relación ás reunións ordinarias do Departamento de Orientación, establécense na Programación Xeral Anual do Centro (P.X.A.).

- Actuacións e temporalización.

Actuacións	Responsables	Destinatarios	Temporalización
Asesoramento á Comunidade	Orientadora.	Comunidade educativa.	Todo o curso.

Educativa.			
Proposta de adquisición de material do D.O.	Orientadora.	Dirección.	Todo o curso.
Proposta de organización dos apoios P.T. e A.L.	Orientadora	Titores do A.C.N.E.A.E. e mestras de P.T. e A.L.	Todo o curso
Elaboración do Plan de Orientación.	Orientadora.	Comunidade educativa	Setembro
Aprobación do Plan de Orientación.	Orientadora	D.O., Claustro e Consello Escolar	Setembro e Outubro
Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes Informes Psicopedagóxicos.	Orientadora.	Equipo docente, orientadora e familias.	De setembro a maio.
Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.	Departamento de Orientación.	Claustro	Todo o curso
Reunións do D.O.	Orientadora.	Membros do D.O.	Unha mensual ordinaria e as precisas extraordinarias.
Realizar as observacións que	Orientadora.	Alumnado	Todo o curso

se consideren precisas atendendo ás necesidades que vaian xurdindo.			
Asistir ás sesións de avaliación	Orientadora.	Equipos docentes.	Ao remate de cada un dos trimestres
Realización da avaliación do desenvolvemento do Plan de Orientación	Departamento de Orientación.	Membros do Departamento.	Xuño
Elaboración dos informes do alumnado que remata Primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica.	Orientadora.	Xefa de estudos, expediente persoal do alumnado e orientador/a do I.E.S.	Xuño.
Redacción da Memoria Final do Departamento de Orientación.	Orientadora.	D.O., Claustro e Consello Escolar.	Xuño.

- Horario da Xefa do D.O.

O horario da Xefa do D.O. distribúese reservando un tempo semanal, ben de xeito formal ou informal, para a coordinación co equipo directivo, mestra de P.T., mestra de A.L., profesorado - titor, profesorado especialista, a atención ó alumnado, a atención aos pais/nais ou titores/as legais, á realización de informes e a outras necesidades do centro dentro das propias funcións. A utilización do horario de

coordinación co do profesorado é flexible segundo as necesidades, polo que a práctica cotiá permite facer uso dese tempo para a realización de tarefas propias do D.O. que doutro xeito sería imposible levar a cabo. Aínda que non figura a reserva de horario de coordinación cos orientadores dos C.E.I.P. adscritos, existe dispoñibilidade horaria para esa coordinación.

- Avaliación.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste plan, que formará parte da Memoria Final do Departamento de Orientación.

## **B. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.X.A.D.).**

Ver Anexo 5

## **C. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T.).**

Tendo en conta os ámbitos e funcións nos que a acción titorial debe realizarse, precísanse os principais obxectivos e actividades que se levarán a cabo:

- Desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Optimización do proceso de ensino - aprendizaxe.
- Coordinación docente
- Orientación familiar.

O P.A.T. vai destinado ó alumnado, profesorado e familias,

● Con respecto ó alumnado, como primeiro e máis importante ámbito de actuación titorial:

Obxectivos:

- Impulsar o seu desenvolvemento psicosocial, facilitando a integración no grupo e no centro, desenvolvendo a súa madurez vocacional e fomentado actitudes participativas no centro e o entorno.
- Optimizar os seus procesos de ensino - aprendizaxe detectando as dificultades de aprendizaxe que xurdan, articulando respostas educativas a

esas dificultades, coordinando os procesos e avaliación e asesorando sobre a súa promoción dun ciclo a outro.

Actividades:

- Actividades de acollida.
- Debates sobre dereitos e deberes.
- Explicacións das funcións e tarefas da titoría.
- Dinámicas de coñecemento de cada alumno e alumna no grupo, no centro e no entorno social e familiar.
- Recollida de información individual e grupal.
- Analizar cos profesores e profesoras as dificultades escolares do alumnado.
- Actividades favorecedoras dunha autoestima axeitada.
- Actividades de participación na avaliación.



En relación co profesorado:

Obxectivos:

- Favorecer o axuste das programacións ó grupo de alumnos e alumnas, en especial dos que presentan necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Coordinar o proceso avaliador que leva a cabo o profesorado do grupo - clase.
- Posibilitar liñas comúns de acción cos demais titores e titoras no marco do Proxecto Educativo do Centro.
- Colaborar na análise das necesidades do profesorado - titor e demais profesorado do centro en relación ó desenvolvemento da acción titorial, así como asesoramento aos equipos e ó profesorado individualmente.

–Fomentar e colaborar no seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade.

Actividades:

- Consenso do Plan de Acción Titorial precisando o grao e modo de implicación do profesorado e delimitando os aspectos que son específicos do profesorado – titor.
- Mediación en posibles situacións de conflito entre alumnado e profesorado e informar debidamente ás familias.
- Colaboración co Observatorio de Convivencia.
- Recollida de información dos demais mestres sobre calquera tema que afecte ó grupo ou a algún alumno/a en particular.
- Transmisión ó profesorado do equipo docente aquelas informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles.
- Preparación e participación nas sesións de avaliación, procurando que se axuste aos principios da avaliación formativa.
- Establecemento das canles de colaboración cos demais titores e titoras do mesmo Ciclo e/ou Etapa.
- Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.

● En relación coas familias:

Obxectivos:

- Contribuír ó establecemento de relacións fluídas entre centro e familias.

- Implicar aos pais e nais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- Informar ás familias de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e fillas.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.

Actividades:

- Preparación e coordinación das reunións, a comezo de curso, durante as avaliacións.
- Petición aos pais de colaboración en relación co traballo escolar dos seus fillos/as.
- Realización de entrevistas individuais cando os pais e nais as soliciten ou o titor/a as considere precisas.
- Impulso en formación de grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os pais/nais en relación á educación dos seus fillos.

#### **D. PLAN DE ACOLLIDA.**

Ver Anexo 6

#### **6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

Resulta necesario para desempeñar de xeito eficaz cada un dos programas a levar a cabo no centro unha formación inicial do profesorado. Esta sería ofrecida polo Departamento de Orientación a través das reunións precisas, orientando ó profesorado a unha autoformación con lecturas aconsellables que lle permita reflectir sobre a súa práctica e a avaliación continua.

Sensibilizarase ó profesorado das vantaxes que presenta unha correcta acción tutorial tanto na atención ás dificultades que se poidan presentar no proceso de ensino - aprendizaxe, coma na toma de decisións académicas do alumnado.

Tamén se ofrece unha formación continua estando a disposición en cada momento o Departamento de Orientación para solventar posibles conflitos, dúbidas... a través de reunións.

En todo caso, o aproveitamento das distintas vías de formación que o profesorado - titor teña ó seu alcance dependerá en gran medida da concienciación e motivación deste/a. Sen embargo, o Departamento de Orientación procurará a súa participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros... para que estea á disposición do profesorado do centro para a súa consulta. Na mesma liña, intentará que, no campo da orientación e do asesoramento, a intensificación da utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (T.I.C.s), mediante a dinamización do uso do ordenador para poñer en marcha estratexias de aprendizaxe...

Por outra banda, tratando neste momento de concretar as principais estratexias de intervención para o desenvolvemento do Plan de Orientación coa relación dos distintos programas, pódese falar das principais técnicas de dinámicas de grupos, do clima de clase, da disciplina na aula...

Entre as técnicas de grupo que se poden levar a cabo pódense relacionar, entre outras, debate, mesa redonda, xogo de roles, choiva de ideas.... Ademais, teranse en conta outras técnicas que permitan traballar de xeito máis coherente cos distintos programas, como son: elaboración de cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, técnicas sociométricas, probas específicas, informes, etc.

Con todo isto poderemos favorecer un bo clima de clase e unha disciplina axeitada á situación de aula, no que se procurará chegar a un modelo de centro integrador, activo, participativo, democrático e aberto ó entorno.

## **7. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN.**

En canto aos recursos humanos a ter en conta, cóntase co equipo directivo, equipo docente, familias coas que levar a cabo a labor educativa e orientadora. O D.O., como xa se sinalou, conta coa orientadora, o mestre de Pedagogía Terapéutica e os Coordinadores de Ciclo.

Nos recursos materiais, considérase suficiente para o cumprimento das funcións da orientación, tanto relacionada coa atención psicopedagóxica do alumnado, coma



coa orientación educativa que teñan incidencia no proceso educativo ou na toma de decisións sobre o alumnado. Entre estes materiais inclúense probas psicopedagóxicas para os niveis de Infantil e Primaria, materiais de apoio e reforzo, e outros materiais para a formación permanente.

En canto á temporalización, non se fixará un horario concreto para a atención ás familias nin ó alumnado, pois o carácter flexible do horario en Orientación permite unha atención máis cómoda de cara ás familias e pertinente de cara ó alumnado.

## **8. AVALIACIÓN.**

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ó Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento. Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:

- A realización das actuacións previstas nos diferentes subpláns (P.A.T., P.O.A.P., Plan de Acollida...)
- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.

- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ó alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.

## 9. PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

A continuación concrétese a programación da aula de P.T. segundo a lexislación vixente

### **Alumnado con ANEAE:**

O alumnado que recibirá apoio dentro e fora da aula de P.T. son:

- Un alumno con un baixo desenvolvemento e grado madurativo en relación a súa idade de 6º de Infantil de Berdillo.
- Unha alumna diagnosticada de retraso psicomotor e madurativo asociado a TDAH que flexibilizou permanecendo un ano máis en 6º de E.Infantil de Mirón (A.O. e A.A.)
- Unha alumna con retraso madurativo con problemas de aprendizaxe de 2º E.Primaria de Berdillo (non promocionou),(A.O. e A.A.)
- Unha alumna con problemas de aprendizaxe de 2º E.Primaria de Sísamo (con A.C. Superada )(non promocionou) (A.O.)
- Un alumno con problemas de aprendizaxe de 2º E.Primaria de Sisamo (A.O.)

Dadas as características do alumnado, concrétese o horario tendo en conta os seguintes criterios para organizar os apoios:

Respectar o horario das especialidades

A aula ordinaria e o titor /a como referencia

Seguimento do currículo oficial ata onde sexa posible

Intervir no momento e lugar onde sexa máis axeitado (cos alumnos de E.Infantil é fora da aula ordinaria por ser así máis individualizada a intervención debido á gravidade das necesidades.

Ter en conta a posibilidade de flexibilizar o horario introducindo modificacións segundo xurdan outras necesidades

Polo tanto o horario da especialista en PT con carácter flexible é o seguinte:

# PT

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9-10 <b>Sísamo</b>	9-10 <b>Xoane</b>	9,00-10,30 <b>Berdillo</b>	ITINERANCIA	ITINERANCIA
10-10,15 Desprazamento	10-11 <b>GARDA</b>	10,30-11,30 <b>Berdillo EP</b>	10,11 <b>Mirón</b>	10-00-10,45 <b>Xoane</b>
10,15-11,45 <b>Mirón</b>	11-12,00 <b>GARDA</b>	11,30-12,00 Desprazamento	11,00-11,45 <b>Mirón</b>	10,45-11 Desprazamento
11,45-12 Desprazamento	12,00-12,30 Desprazamento	12,00-13,00 <b>Dirección</b>	11,45- 12.00 Desprazamento	11-12 <b>Sísamo EP</b>
12,00-13,00 <b>Dirección</b>	12,30-13,00 <b>Dirección</b>	13.00-14.00 <b>Dirección</b>	12,00-13 <b>Berdillo EP</b>	12-12,30 Desprazamento
13-14 <b>Dirección</b>	13,00-14,00 <b>Dirección</b>		13-14 <b>Berdillo</b>	12,30-13,00 <b>Dirección</b>
				13-14 <b>Dirección</b>

## **Obxectivos:**

### ***Obxectivos xerais:***

Favorecer a integración do alumnado no centro e nas súas aulas de referencia dándolles unha resposta educativa, adaptada ás súas necesidades, por parte de tódolos profesionais que interveñen sobre eles.

Desenvolver o desenvolvemento xeral do alumnado con necesidades educativas específicas en todos os aspectos (sensorial, afectivo-social, comunicativo e motor)

### ***Obxectivos específicos:***

#### **Alumno/as de Primaria**

(Agrupo a estes alumnos/as por ter as mesmas necesidades de reforzar la lectoescritura en tódolos seus ámbitos: fonolóxico, semántico, pragmático...)

Como o nivel dos alumnos de primaria é similar, las actividades realizadas partirán dos mesmos obxectivos, aínda que algunha vez poderei ter actividades individuais atendendo a necesidades concretas, ou a momentos puntuais.

#### **Desenvolver a súa capacidade atencional**

Mediante unha estimulación sensorial, percepción,.. traballando con aquilo que lles motiva (motivación); temas de interese, personaxes famosos...

#### **Adquirir unha axeitada motricidade fina para realizar actividades de pre-escritura**

As súas destrezas manipulativas non están ben desenvolvidas, polo que se debe traballar o picado, recortado, repasar liñas, plastilina...)

### **Estimular a interacción cos seus iguais e o desenvolvemento dunha boa autoestima**

Para conseguir unha boa adaptación cos seus iguais e eliminar o sentimento de ser diferentes, por non alcanzar los obxectivos nun tempo que se considera normal.

### **Desenvolver a lecto-escritura.**

Traballar no afianzamento da lectura, así como da escritura mediante diversos exercicios que lle servirán para traballar ademais outros aspectos. Traballarase a codificación e decodificación das palabras, a lectura comprensiva a través de pequenos textos, a non silabear...

### **· Alumno 4ª E.Infantil (Berdillo)**

#### **- Desenvolver habilidades cognitivas básicas**

Realizando actividades que “despertan” a súa atención mediante a estimulación sensorial, utilizando diferentes materiais e recursos (ordenador, ser el protagonista da acción) Tamén traballar a percepción para describir novas sensacións e a memoria a curto e medio prazo.

#### **- Desenvolver una intencionalidad comunicativa, a través del lenguaje oral.**

Tiene un mal desarrollo en el lenguaje oral, por eso debemos motivarle a la expresión de deseos e sentimientos (estoy alegre, estoy triste, me divierto, ...) a través de las diferentes rutinas e actividades en el aula .En cuanto a su comprensión decir que es casi nula, no comprende las acciones de dos o más ordenes e una a veces con signos, por eso deben ir acompañadas al principio con estos signos, e con un vocabulario sencillo e directo.

#### **- Despertar su interés por el entorno e interacción con el medio.**

Ofrecerle todas las experiencias que el entorno nos puede ofrecer para estimularle en todos los aspectos, tanto sensorialmente, como motriz, social, lingüístico...

**- Desenvolver un bo tono muscular así como adquirir unha boa motricidade (tanto grossa como fina)**

Ademais de traballar a psicomotricidade debemos ofrecerlle actividades para que consiga un bo concepto de esquema corporal, a imaxe global do seu corpo, e así coñecer as súas posibilidades motrices e limitacións do propio corpo.

**- Adquirir autonomía nas habilidades da vida diaria**

Conseguir que adquira (dentro das súas limitacións) habilidades como: comer, vestirse, lavarse, ir ó baño (control de esfínteres)..., así como o uso axeitado dos obxectos e espazos nos que se realizan as accións da vida cotiá.

**-Estimular el desenvolvemento de aprender a pensar, facer pequenos razoamentos lóxicos**

Para isto utilizaranse pequenos diálogos, a través de preguntas cotiás do día (o tempo, a aula, a familia...), mediante a exploración de obxectos...

**- Adquirir os conceptos básicos**

Realizaránse actividades para esta adquisición, como as baseadas no test de Bohlen.

**· Alumno 6º E.Infantil (Mirón)**

**- Desenvolver habilidades cognitivas básicas**

Realizando actividades que “esperten” a súa atención mediante a estimulación sensorial, utilizando diferentes materiais e recursos. Tamén traballar con el a percepción para describir novas sensacións e a memoria a curto e medio prazo.

**-Estimular el desenvolvemento da interacción social e eliminar condutas desadaptadas**

Hai que fomentar as relacións cos iguais no recreo, na aula cando realizan actividades grupais... e ir interiorizando normas sociais e de convivencia. Ademais ir eliminado progresivamente condutas como levarse a man á boca, estar ben sentado, non levantarse...

**- Desenvolver un bo tono muscular así como adquirir unha boa motricidade (tanto grossa como fina)**

Ademais de traballar a psicomotricidade con esta nena, debemos ofrecerlle actividades para que consiga un bo concepto de esquema corporal, a imaxe global do seu corpo, e así coñecer as súas posibilidades motrices e limitacións do propio corpo

**-Estimular el desenvolvemento de aprender a pensar, facer pequenos razoamentos lóxicos**

Utilizaranse pequenos diálogos, a través de preguntas cotiás do día (o tempo, o aula, a familia...), mediante a exploración de obxectos...

**-Iniciala na lectoescritura:**

Como ten problemas coa grafo, traballarase a direccionalidade das letras, pero incidirase moito máis na lectura no recoñecemento das letras, a lectura global, xogo de palabras (cambiar as silabas, cambiar a ultima letra... sempre manipulativamente).



### **Metodoloxía:**

A metodoloxía empregada parte dos aprendizaxes significativos, partindo dos coñecementos previos e buscando a xeneralización dos aprendizaxes en tódolos ámbitos. É axeitado a presentación do material a través de diferentes canles sensoriais e potenciar un ambiente axeitado de traballo, controlando as posturas corporais ou movementos que interfiran no seu aprendizaxe e asegurarnos a atención do alumno.

Los recursos materiais son moi diversos (ficha, ordenador, puzzles, pelotas,...) respectando as características e necesidades de cada alumno, utilizando calquera material funxible para a realización das tarefas.

En canto ós recursos persoais quero facer constar que é necesario unhas relacións de colaboración e coordinación entre os titores, especialistas, A.L., Orientadora, e recursos externos (familia, ASPANAES, E.O.E.,...).

### **Avaliación:**

Segundo a L.O.E., no seu artigo 20, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A Orde do 23 de Novembro pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na C.A. de Galicia dinos que se debe avaliar tanto ó alumnado como ó proceso de ensinanza - aprendizaxe e a práctica docente.

Para a avaliación do grao de consecución dos obxectivos deste plan de intervención, primeiro realizamos una avaliación inicial onde averiguamos os coñecementos previos e así descubrir de onde partir. Ó longo deste plan se realizarán unha avaliación continua onde avaliaremos diariamente mediante o procedemento da observación directa, anotando en diversos instrumentos tales como: táboas de rexistro, diarios... Así analizaremos si consegue ou non os criterios de avaliación marcados, avaliándoos tanto cualitativamente como cuantitativamente. Estes criterios de avaliación son formulados en función dos obxectivos antes escritos.

#### **E.Primaria:**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>
1. Mellora nos procesos psicolóxicos básicos			
2. Desenvolve unha boa velocidade lectora			
3. Adquire unha boa comprensión lectora			
4. Desenvolve unha boa linguaxe expresiva: · a nivel oral · a nivel escrito			
5. Realiza satisfactoriamente as actividades			
7. Vai desenvolvendo un bo nivel de autoestima/autoconcepto			
8. Establece realcións cos seus compañeiros/as			

**Alumno de 6º Infantil de Berdillo**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>SI</b>	<b>NO</b>	<b>ÁS VECES</b>
1. Mellora nos procesos psicolóxicos básicos			
2. Establece relacións de razoamentos lóxicos			
3. Adquire conceptos básicos: cerca/lonxe encima/debaixo			
4. Desenvolve unha boa linguaxe expresiva: a nivel oral a nivel escrito			
5. Realiza satisfactoriamente as actividades psicomotrices:			

Grosa Fina			
7. Vai desenvolvendo un bo nivel de autoestima/autoconcepto			
8. Establece realcións cos seus compañeiros/as			

Alumna 6º de Infantil de Mirón

<b>CRITERIOS DE EVALIACIÓN</b>	<b>SI</b>	<b>NO</b>	<b>A VECES</b>
1. Mellora nos procesos psicolóxicos básicos			
2, Mellora a psicomotridade Grosa Fina Esquema corporal			
3,Adquire unha boa relación entre os seus iguais			
4. Esperta interese polas actividades realizadas			
5. Establece realcións cos seus compañeiros/as			

Ó final de curso realizaremos a avaliación final onde teremos en conta tódolos resultados obtidos na avaliación continua, contrastada co intercambio de información cos outros profesores que interveñen con el e coa familia.

### Avaliación do proceso ensinanza aprendizaxe

Comprobaremos as adecuacións do P.C.C., as programacións de aula, e a Adaptación Curricular Significativa, tendo en conta:

Adecuación dos obxectivos e secuenciación dos contidos ás características dos alumnos/as.

Organización e interrelación de actividades en canto á súa motivación e á súa significatividade.

Organización de todos os recursos

### Avaliación da práctica docente:

Realizarase mediante unha autocrítica da miña intervención, tocando puntos como: os obxectivos atenden ás necesidades dos nenos, as actividades propostas e o seu grao de efectividade, a relación profesor- alumno, resto de profesores, familia, así como cos recursos externos.

## **10. PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE.**

A especialidade de Audición e Linguaxe responde a unha necesidade de atención e resposta educativa na comunidade escolar en relación á prevención, detección e tratamento das dificultades na linguaxe. Para que dita actividade acadese unha efectividade óptima é imprescindible ter en conta as diferenzas individuais de cada alumno, así como o entorno sociolingüístico que determina as características propias no emprego da linguaxe; a coordinación e o contacto cos diferentes membros que participan nesta labor tanto a nivel escolar como familiar e a elaboración e deseño de programas específicos de intervención adaptados a cada realidade en particular.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

O obxectivo xeral en relación cos alumnos é o de mellorar o seu nivel de competencia comunicativo - lingüística, e para elo é preciso:

- Facer ó inicio de curso, coa colaboración do profesorado e a orientadora, un rexistro de casos de alumnos que necesiten de forma prioritaria unha avaliación inicial para determina-las medidas de atención a diversidade máis axeitadas.
- Colaborar cos titores na detección, prevención e orientación dos alumnos con n.e.a.e e no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir.
- Programar, xunto coa orientadora, as intervencións específicas dos alumnos que o precisen a partir dos datos obtidos na avaliación psicopedagóxica.
- Planificar os horarios, espazos, temporalizacións e recursos para a atención educativa dos alumnos que precisen apoio de Audición e Linguaxe xunto coa xefa do Departamento de Orientación.
- Manter un contacto fluído cos pais dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo para informalos e promover a súa participación no proceso educativo.
- Facer un seguimento da posta en práctica dos programas de intervención, ó longo das reunións establecidas, para a valoración e adopción das modificacións oportunas.
- Asistir e participar activamente nas sesións de avaliación trimestral do alumnado con n.e.a.e. que recibe apoio de A.L.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Mellorar os aspectos cognitivos básicos de atención, percepción, imitación, memoria...
- Desenvolver as bases funcionais que inciden na produción oral da linguaxe: conduta respiratoria, sopro, discriminación auditiva, motricidade bucolinguofacial, ritmo...
- Optimizar o desenvolvemento da linguaxe nos aspectos fonolóxicos, semánticos e morfosintácticos.
- Favorecer o uso social da linguaxe en contextos variados (pragmática).
- Desenvolver o proceso lectoescritor.
- Xeneralizar o aprendido a outros contextos nos que se desenvolva o alumno.

### **METODOLOXÍA**

- Buscarase un enfoque metodolóxico integrador para facilitar a construción de aprendizaxes significativos potenciando a implicación e participación dos alumnos nas diversas aprendizaxes e proporcionando un ambiente educativo axeitado.
- Axustaranse os criterios metodolóxicos a individualidade de cada alumno e alumna tendo en conta as súas características e necesidades, ritmo de aprendizaxe, intereses e motivación para aprender.

–Proporcionaremos un feedback correctivo ó alumnado a través de expansións semánticas e sintácticas evitando as correccións explícitas que xeren un sentimento de fracaso e frustración no alumno. As actividades desenvolveranse na medida do posible cun carácter lúdico.



## **ALUMNADO**

Durante o presente curso, os alumnos que inicialmente están recibindo atención dende a aula de audición e linguaxe distribúese da seguinte forma.

### **MIRÓN.**

- **Alumna de 6º curso de Educación Infantil.** Flexibiliza Infantil. Nena diagnosticada de TDAH con hipotonía. As actividades están dirixidas a mellorar a mobilidade dos órganos bucofonatorios a través de praxias. Outro obxectivo da intervención é reeducar as dislalias nos sinfóns; tanto co // coma co /r/. Xunto cas dificultades a nivel articulatorio, préstase especial atención ao léxico reducido e ao discurso pouco elaborado e infantil. Resulta moi difícil traballar con ela pola falta de interese de cara as tarefas e á pouca capacidade de atención.

### **BERDILLO.**

- **Alumno de 6º curso de Educación Infantil.** Alumno con especiais dificultades de socialización e con moi pouca intención comunicativa. O traballo con este neno céntrase inicialmente en captar a súa atención e a partir de aí realizar exercicios de mobilidade bucolingual . As actividades están tamén dirixidas a mellorar a fala case inintelixible debido ás múltiples dislalias e ao escaso vocabulario expresivo. Con todo o anterior , o seu discurso é moi reducido e a estrutura sintáctica do mesmo caracterízase por unha inexistencia de nexos e palabras función.
- **Alumna do 1º curso de Educación Primaria** (Non promocionou ao 2º ciclo de EP no curso anterior). Presenta un rotacismo no vibrante múltiple, que a pesares de coñecer o punto e modo de articulación non o pronuncia correctamente. Precisa seguir traballando para xeneralizalo á linguaxe espontánea.
- **Alumno de 2º curso de Educación Primaria.** É un neno que precisa mellorar na vocalización e claridade na fala pois presenta certo farfulleo á hora de expresarse. Presenta tamén algunhas dislalias sobre todo na linguaxe espontánea .
- **Alumno de 2º curso de Educación Primaria.** As dificultades veñen dadas polos problemas que ten coa dentadura que cada pouco teñen que extraerlle algunha peza. Na

actualidade presenta unha dislalia no sinfón /dr/ o cal aproxima bastante á súa articulación, especialmente na linguaxe repetida e dirixida.

#### SÍSAMO.

- **Dous alumnos do 2º curso de Educación Primaria:** Son dous nenos con A.C.I. A intervención céntrase en ampliar o vocabulario. No curso anterior un deles presentaba dificultades para manter conversas cos mestres, pero xa dende comezo do curso se observou que esa situación cambiara e que agora incluso hai que mandalo calar. A outra tiña especial dificultade no proceso de adquisición da lectoescritura, pero mellorou moito ao longo do curso pasado.

#### XOANE

- **Alumna do 6º curso de Educación Infantil.** É unha nena con ceceo que ten adquirida a articulación correcta do fonema /s/ pero precisa incidir na xeneralización do mesmo a linguaxe espontánea.
- **Alumna do 1º curso de Educación Primaria:** As dificultades desta nena céntranse na confusión dos fonemas /s/ / 0/. Ademais ten dificultades cos sinfóns con /dr/ e /tr/.
- **Alumna do 1º curso de Educación Primaria.** Presenta un rotacismo na maioría das posicións e dificultades na pronuncia dos sinfóns. Ademais é unha nena con grandes limitacións a nivel de léxico; especialmente en palabras largas, e de elaboración no discurso en xeral.
- **Alumno do 2º curso de Educación Primaria.** Non ten dificultades a nivel articulatorio, pero ten interiorizados unha serie de hábitos e léxico cun patrón articulatorio equivocado, cremos por un uso habitual incorrecto a nivel familiar, xa que son erros compartidos coa irmá. No curso anterior foi diagnosticado de TDAH e está sendo medicado. A intervención céntrase en pequenas conversas dirixidas ou espontáneas así como en ampliar o vocabulario, tratando de que centre a súa atención o maior tempo posible.

#### CANCES.

- **Alumno do 6º curso de Educación Infantil:** Neno con rotacismo no fonema vibrante múltiple en proceso de xeneralización á linguaxe espontánea.

- **Alumna do 6º curso de Educación Infantil:** Presenta tamén un rotacismo gutural que mellora na linguaxe repetida e dirixida. Ten adquiridos os sinfóns co /R/ polo que se pretende adquirir a vibrante múltiple a partires dos sinfóns.

#### **AVALIACIÓN**

A avaliación seguirá os principios de avaliación inicial, continua, formativa e final.

Mención especial merece a Avaliación Psicopedagóxica regulada pola Orde do 31 de Outubro de 1996, que será, xunto coa avaliación inicial, o aspecto que guíe a planificación do proceso educativo dos alumnado con n.e.a.e.

Ao longo do curso será necesario realizar un seguimento de cada alumno observando e recollendo datos sobre as actuación educativas emprendidas realizando as modificacións necesarias no que respecta ás actividades, metodoloxía, temporalización das actuacións...

Será obxecto de avaliación o proceso de intervención levado a cabo.

Unha vez obtidos os datos sobre o grao de consecución de cada obxectivo proposto ó inicio de curso, estableceranse as propostas que optimicen aqueles aspectos que durante todo este ano non foron logrados na súa totalidade.

## ANEXOS

### ANEXO 1: COMPENDIO LEGISLATIVO.

- Lei Orgánica 1/1990, do 3 de Outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- Lei 8/1997, do 20 de Agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras da comunidade autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación.
- Lei 17/2006, do 27 de Decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Real Decreto 943/2003, do 18 de Xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.
- Real Decreto 1513/2006, do 7 de Decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Real Decreto 1630/2006, do 29 de Decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil.
  - Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
  - Decreto 69/1998, do 26 de Febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Decreto 120/1998, do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Decreto 35/2000, do 28 de Xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de

accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na comunidade autónoma de Galicia.

- Decreto 30/2007, do 15 de Marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación.

- Decreto 130/2007, do 28 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 272006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 6 de Outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións de currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

- Orde do 28 de Outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.

- Orde do 31 de Outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

- Orde do 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

- Orde do 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e

profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

- Orde do 27 de Decembro de 2002 por a que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos de alumnado de ensinanzas non universitarias con necesidades educativas especiais.

- Orde do 20 de Febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

- Orde do 17 de Marzo do 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros sostidos con fondos públicos.

- Orde do 23 de Novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións a establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

## ANEXO 2: SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

### 1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A.

Nome e apelidos:	
Curso:	Data de nacemento:

### 2. DATOS PERSOAIS DO MESTRE/A SOLICITANTE.

Nome e apelidos:
Impartiu docencia ó alumno/a durante os cursos:

### 3. MOTIVO DA SOLICITUDE.

--

### 4. DESENVOLVEMENTO DO ALUMNO/A.

Aspectos biolóxicos. (Dificultades sensoriais, saúde, medicación, acude a especialistas externos: logopedia, psicoloxía, fisioterapia, ...)
Desenvolvemento cognitivo. (Dificultades de razoamento, lóxica, memoria, atención, ...)
Desenvolvemento motor. (Dificultades no andar, coordinación, agarrar o lapis, man coa que escribe, ...)
Desenvolvemento comunicativo-lingüístico. (Dificultades articulatorias, sintácticas, ...)

Desenvolvemento social. (Relación cos compañeiros da aula e do centro, amizades fóra do centro, relación cos mestres, ...)
Desenvolvemento afectivo. (Autoestima, dependencia emocional, introversión ou extraversión, ...)

#### 5. DATOS PEDAGÓXICOS.

Estilo de aprendizaxe, motivacións, intereses,...
Nivel de competencia curricular. (Obxectivos e contidos das diferentes áreas nos que destaca polo seu dominio ou dificultade en alcanzalos.)

#### 6. DATOS DO CONTORNO FAMILIAR.

Aqueles datos relevantes no seu desenvolvemento. (Número de irmáns, familias desestructuradas, hábitos de soño, celos, aceptación familiar da problemática, lingua materna, ...)
--



--

7. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR.

Historial académico. (Repetiu curso, recibiu con anterioridade apoio dentro ou fóra da aula, ...)
Escolarizacións anteriores. (Centros nos que estivo escolarizado con anterioridade e niveis que cursou.)
Escolarización actual. (Datos das avaliacións trimestrais, apoios na aula, etc.)

Carballo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 20\_\_ .

Asinado:

**ANEXO 3: AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

D/D<sup>a</sup>....., con DNI ..... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a ....., matriculado durante o presente curso lectivo 2013/14 en ..... de ....., fun informado/a polo Departamento de Orientación das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención á diversidade oportunas de cara ó seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. Polo tanto:

**AUTORIZO** ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A APLICAR AS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE CONSIDERE OPORTUNAS

**NON AUTORIZO** ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A APLICAR AS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE CONSIDERE OPORTUNAS

Carballo, a..... de ..... de 20.....

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

**ANEXO 4: AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.**

D/D<sup>a</sup>....., con DNI ..... en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a ....., matriculado durante o presente curso lectivo 2013/2014 en ..... de ....., fun informado/a polo Departamento de Orientación das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a

**AUTORIZO** ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A REALIZAR A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

**NON AUTORIZO** ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A REALIZAR A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

Carballo, a..... de ..... de 20.....

O/A pai/nai ou titor/a legal:

(Sinatura)

## ANEXO 5: PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### Índice

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación de obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

#### **Xustificación baseada no contexto.**

Estamos nunha escola de todos/as e para todos/as na que o futuro require basar os procesos de ensino-aprendizaxe nas consideracións sociais e pedagóxicas que conecten as ensinanzas educativas con saber convivir e facer. Polo que ó alumnado débesele educar a vivir xuntos en sociedades multiculturais, multiétnicas e multilingüísticas sensibles ante a diversidade e, para

que sexa posible, cómpre reforzar as relacións entre o centro educativo e as familias continuando a fomentar a coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

O noso centro é un C.R.A. que se compón de sete escolas, actualmente con 11 aulas, que escolarizan alumnado de 3 a 7/8 anos procedentes da poboación do Concello de Carballo, concretamente das diferentes parroquias do mesmo (Artes, Berdillo, Bértoa, Cances, Xoane...), que proveñen de entornos sociais diferentes e provintes de familias con diferentes niveis culturais e disponibilidad de recursos.

Dada a nosa situación en canto á diversidade existente no centro escolar e a dispersión das escolas e poboación das mesmas planifícase e desínase, seguindo o recollido na lexislación vixente, este Plan Xeral de Atención á Diversidade coa finalidade de abarcar e dar respostas á diversidade de necesidades educativas, tendo en conta: ámbitos de acollida, medidas organizativas e curriculares, compensación educativa de desigualdades, inclusión da totalidade da comunidade e aqueles recursos, dentro e fóra do centro, que se valoren como precisos.

### **Identificación e valoración das necesidades.**

No C.R.A. Ponte da Pedra observamos que nos últimos anos non se produciu un cambio significativo respecto á heteroxeneidade do noso alumnado. Contamos con diversidade de intereses, capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes necesidades de atención, carencias que impidan facer o mesmo que os demais e, polo tanto, necesidades específicas de apoio educativo asociadas a necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo español, alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de condicións persoais e/ou da historia escolar. Tamén temos presente a importancia da prevención e detección temperá, especialmente relevante dadas as idades do alumnado que escolarizamos, e a alta capacidade de evolución/recuperación do alumnado destas idades.

**Determinación de obxectivos.**

- Atender á diversidade de todo o alumnado ofrecendo respostas de calidade a nivel de centro, de grupo e individual.
- Promover a igualdade de oportunidades de acceso, permanencia e promoción a unha educación de calidade para todo o noso alumnado, posibilitando unha ensinanza personalizada.
- Prestar atención preferente a aqueles alumnos e alumnas que se atopen en situacións persoais, sociais ou culturais desfavorecidas, que manifesten dificultades graves de adaptación escolar ou que presenten necesidades educativas especiais.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen co alumnado de necesidades educativas especiais para garantir a mellor atención educativa.
- Coordinar ós titores e ás titoras co grupo de especialistas, o proceso de detección, seguimento e avaliación do alumnado.
- Organizar os recursos materiais e persoais do centro co fin de facilitar unha axeitada resposta educativa á totalidade do alumnado, e especialmente a aqueles que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Ofrecer a orientación personalizada necesaria a cada neno, nena e familia.
- Implicar ó máximo ós pais, nais e titores/as legais do alumnado no proceso educativo dos seus fillos e das súas fillas, para unificar criterios e pautas educativas.
- Previr dificultades de aprendizaxe, detectar alteracións sensoriais, conductuais,... e atendelas, na medida do posible, cando se produzan.
- Establecer as actuacións precisas cos servizos sociais do Concello e coas entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades encamiñadas á promoción e inserción do alumnado en situación de desventaxa.

**Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.**

Entre as actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade podemos distinguir:

**A. Actuacións:**

- A nivel concello : aquelas que supoñen unha toma de decisións con respecto ás estratexias organizativas. Por exemplo, acordos entre os distintos centros no caso de traslado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ou nas etapas de transición.

- A nivel centro : aquelas que supoñen unha toma de decisións con respecto á organización do centro. Son levadas a cabo dende o Proxecto Educativo (priorización e adecuación dos obxectivos xerais de etapa e/ou nivel, priorización dos obxectivos e contidos das áreas e/ou materias, adecuación dos criterios e procedementos de avaliación e promoción para cada un dos niveis, adecuación da metodoloxía de traballo e as características do alumnado, elaboración do Plan de Acción Titorial, ...)

- A nivel aula : aquelas que supoñen unha toma de decisións en canto ó grupoclase e que serán levadas a cabo polo/a mestre/a titor/a e o profesorado da aula. Son levadas a cabo dende as programacións de aula (avaliación inicial no proceso de ensino-aprendizaxe, axustes das programacións de aula en función dos resultados das avaliacións iniciais, adaptación da avaliación, elaboración de unidades didácticas nas que se contemplan diferentes ritmos de aprendizaxe e se prioricen os contidos non conceptuais, metodoloxías de traballo que atendan á diversidade, coordinación do equipo docente para consensuar medidas de apoio,...)

**B. Medidas:**

- De carácter ordinario: as recollidas no artigo 8 do decreto 229/2011. o Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

o Adecuación das programacións didácticas ó contorno e ó alumnado

o Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

o Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

o Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

o Programas de enriquecemento curricular (Véxase Anexo XX)

o Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Véxase Anexo XX)

o Programas de recuperación (Véxase Anexo XX)

o Programas específicos personalizados

o Programas de habilidades sociais

- De carácter extraordinario: as recollidas no artigo 9 do decreto 229/2011

o Adaptacións curriculares

o Agrupamentos flexibles

o Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL

o Flexibilización da duración do período de escolarización.

o Atención educativa ó alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

### **C. Programas de:**

- Prevención: detección da perda auditiva e detección de problemas visuais



- Estimulación: da linguaxe oral

**Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

Os recursos persoais para levar a cabo este plan son a totalidade do claustro de profesorado e os recursos materiais son todos aqueles de carácter curricular e didáctico dos que o centro dispón e son accesibles para a totalidade do profesorado. Segundo se decidiu no claustro de mestres e mestras os recursos propios de cada escola atópanse distribuídos nas aulas das mesmas quedando o material común na sede do CRA.

Neste senso cómpre que no vindeiro curso se analice: a asignación e adaptación dos espazos destinados para o apoio nas distintas escolas, o material existente en cada aula/escola e as necesidades de novas adquisicións de material coa finalidade de realizar un inventario do material complementario existente nas aulas/escolas e de apoio á integración ou propio de atención á diversidade.

Na aplicación das medidas propostas partiremos das medidas máis ordinarias para aplicar, só cando sexa preciso e despois de descartar as ordinarias, aquelas de carácter extraordinario sempre baixo os principios de normalidade e inclusión.

Para organizar e coordinar os recursos humanos e materiais para atendera á diversidade terase en conta:

- Profesorado ordinario para reforzos e apoios por desfase curricular.
- Profesorado ordinario para ampliación/intensificación da aprendizaxe ó alumnado con sobredotación.
- Profesorado de PT e AL para apoios permanentes e atención a alumnado con necesidades educativas especiais, este alumnado tamén pode precisar outros recursos humanos como coidadores.

Todo o citado coa necesaria coordinación co departamento de orientación, a comisión de coordinación pedagóxica e a xefatura de estudos.

**Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.**

A atención á diversidade do alumnado, ordinaria e específica, é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos están implicados, aportando cada un a súa visión e capacitación profesional complementaria, tanto nos niveis de planificación e organización como na posta en práctica das medidas que, no seu caso se propoñan.

Débese destacar o papel diferenciado que deben xogar os equipos directivos, especificamente o rol da xefatura de estudos como coordinador, en coordinación co Departamento de Orientación, de todo o relacionado coa atención á diversidade.

Estas tarefas serán apoiadas polo profesionais do Departamento de Orientación que asesorarán ó equipo docente co fin de dar respostas ás necesidades que existan no centro.

**Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.**

O principal mecanismo de coordinación e colaboración son as reunións pero tamén se emprega o contacto por mail, as conversas telefónicas e as visitas ás escolas adscritas.

Coordinación do equipo docente:

1. Coordinación inicial de profesorado ó comezo do curso escolar coa finalidade de intercambiar toda aquela información que sirva para un mellor coñecemento do alumnado. Farase especialmente, e sempre que sexa posible, entre:

- Titor/a que inicia cun novo grupo co/s titor/es anteriores dese grupo
- Profesorado de alumnado que cambia de etapa, titor/a de 6ºEi co/a titor/a de 1ºEP
- Titor/a que se incorpora no novo curso ó centro co/a titor/a do alumnado no curso anterior

2. Coordinación periódica entre os/as titores/as do mesmo ciclo nas reunións de ciclo

3. Coordinación periódica dos/das titores/as de ciclos compartidos

4. Coordinación entre os/as mestres/as especialistas de PT e AL e o/a orientador/a

5. Coordinación periódica dos membros do departamento de orientación entre eles e coa comisión de coordinación pedagóxica

**Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.**

As canles de colaboración son presenciais, por escrito e telefónicas e teñen carácter formal (cando se lles cita, como pode ser o caso das reunións de pas) ou informal (cando se aproveitan momentos de interacción, como pode ser o momento da recollida do alumnado). Deste xeito coas familias farase: a través das horas de atención a pais e demais actividades do plan de acción tutorial, en sesións de traballo individual dende o departamento de orientación, nas reunións de pais que celebra o equipo docente, ... E cos diferentes servizos externos farase: a través das solicitudes de intervención, por medio de conversas telefónicas, con cartas e/ou escritos de derivación,...

**Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.**

En canto ós protocolos dicir que no departamento de orientación do centro existen modelos para: solicitude de intervención do departamento, derivación a servizos externos, solicitude de intervención do EOE, escritos de saída e folla de rexistro para as mesmas, rexistro de entrada e solicitudes ó departamento de orientación.

Determinados procesos de solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias, como é o caso das adaptacións curriculares e a flexibilización da duración do período escolar, veñen establecidos pola lexislación vixente na nosa Comunidade ó respecto.

**Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.**

En canto ó seguemento e avaliación deste plan, hai dúas avaliacións:

a. Unha avaliación interna na que o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do desenvolvemento e a aplicación do plan, unha vez oída a comisión de coordinación pedagóxica, e establecerá, se é o caso, as oportunas propostas de mellora en función da información disponible e dos resultados obtidos.

b. Unha avaliación externa realizada polos servizos da inspección educativa co recollido na Memoria Final Anual.

O obxectivo da avaliación interna será a de analizar a adecuación do plan á realidade do centro e desinar as modificacións pertinentes en canto ó nel contemplado.

En canto ó **que avaliar** teranse en conta os seguintes indicadores:

- Grado de consecución dos obxectivos marcados.
- Grado de implicación do profesorado.
- Operatividade das actuacións, das medidas e dos programas contemplados.
- Funcionalidade do documento realizado.

E en referencia ó **como avaliar** seguiranse estes indicadores:

- Análise e avaliación alomenos na última reunión de ciclo conxunta do trimestre.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificación no claustro.
- Inclusión das valoracións na memoria final de curso, que servirá de base na Programación Xeral Anual do curso seguinte

## **ANEXO 6: PLAN DE ACOLLIDA.**

INTRODUCCIÓN.

OBXECTIVOS.

DESENVOLVEMENTO.

ACTUACIÓNS PARA COS NENOS/AS DE NOVA INCORPORACIÓN.

PARA COS NENOS/AS SEN ESCOLARIZAR.

PARA COS NENOS/AS PROCEDENTES DOUTROS CENTROS.

ACTUACIÓNS PARA CO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.

### **INTRODUCCIÓN:**

Cada ano chegan por primeira vez ó colexio unha serie de persoas novas (alumnado e profesorado) e ese primeiro contacto, que sempre xera un certo estado de ansiedade, cómpre que sexa algo máis agradable e que se facilite unha mínima seguridade e tranquilidade dende os primeiros momentos. Pero, para que iso suceda, é necesario planificar eses primeiros momentos, eses

primeiros días; planificación que debe realizarse dende dentro do propio centro, de maneira que se acolla ós novos compañeiros/as dun xeito adecuado.

Con esa intención é coa que se deseña e redacta este Plan de Acollida que, como pode apreciarse na súa estrutura e desenvolvemento, contempla as novas incorporacións dende dous puntos de vista: dende o propio alumnado e dende o profesorado . Pensando neles/as establécense unha serie de obxectivos e actuacións que se recollen ó longo do Plan e que teñen unha dobre finalidade: favorece-los primeiros contactos coa escola, por unha parte, e sistematizar e favorece-las actuacións dos distintos equipos existentes no colexio ( equipo directivo, equipos docentes....) ,por outra.

## **OBXECTIVOS**

Tratar de que o neno/a asimile con naturalidade a separación do seu medio familiar, evitando a xeración de posibles conflitos

Presenta-la escola coma unha continuidade da familia, logrando que o ingreso na escola se produza sen a sensación de abandono familiar.

Favorece-la relación entre os nenos/as.

Establecer uns criterios e unha temporalización do período de adaptación, adecuándoo ás circunstancias individuais do alumnado.

Acadar un coñecemento das circunstancias persoais de cada neno/a.

Establecer unha vía de comunicación e colaboración familia-titor/a.

Presentar e presentarse ós novos compañeiros/as.

Informar ó profesorado novo do funcionamento xeral do centro.

Propicia-la integración do profesorado de nova incorporación na dinámica de traballo do colexio.

## **DESENVOLVEMENTO:**

### 1. ACTUACIÓNS PARA COS NENOS/AS DE NOVA INCORPORACIÓN:

#### PARA COS NENOS/AS SEN ESCOLARIZAR.

##### **a) Durante o período de matriculación:**

Os pais/nais deben aporta-los datos que se lle demanden na correspondente ficha individual, ficha que lles proporcionará a secretaría do centro no momento de formaliza-la matrícula.

1. Os pais/nais recibirán un documento con recomendacións xerais para a vida cotiá do centro educativo.

##### **b) Durante a 1ª semana de setembro:**

O equipo docente de infantil convocará, nunha sesión por escolas, aos pais e nais do alumnado que se escolarice por 1ª vez para explicár-lle-los criterios de entrada gradual de setembro así como aquelas cuestións que consideren de interese (mentalización

dos nenos/as, posibilidade de contactos con outros nenos/as que se van escolarizar por 1ª vez, insistir no control de esfínteres, animar no fomento de hábitos e de independencia nos seus fillos/as...)

Os titores/as de alumnando de Ed. Infantil:

-Estudiará a realidade dos novos alumnos /as matriculados.

-Elaborará un documento/os sobre as recomendacións ás familias para entregar os primeiros días de escola ( vestimenta, hábitos, material escolar necesario...).

-Decidirá o momento da incorporación de cada neno/a segundo o esquema de incorporación gradual descrito a continuación:

### Escola de Artes:

<b>DATAS</b>	<b>HORARIO</b>
Mércores 11 de setembro	Non asisten a clase
Xoves 12 de setembro	10 – 11
Venres 13 de setembro	10 – 11.30
Luns 16 de setembro	10 – 12
Martes 17 de setembro	10 – 12
Mércores 18 de setembro	10 – 12.30
Xoves 19 de setembro	10 – 12.30
Venres 20 de setembro	10 – 13
Luns 23 de setembro	10 – 13
Martes 24 de setembro	10 – 13.30
Desde o mércores 25 de setembro	Xornada completa de 9 a 14



## Escola de Cances:

### PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación na escola de Cances realizarase do seguinte xeito:

- Xa que en Cances hai matriculados catro nenos/as de 3 anos que acceden por primeira vez á escola, a entrada será nun só grupo e todos xuntos.

- Acordamos a nivel ciclo que comezarán o xoves día 12.

- O horario planificado para a entrada será o que segue:

**Xoves 12, venres 13 e luns 16** o horario será de **10 a 11'30 – 12**.

**Martes 17, mércores 18**, o horario será de **10 a 12'30**.

**Xoves 19 e venres 20**, o horario será de **9 a 12'30 – 13**.

**Luns 23 e martes 24**, o horario será de **9 a 14**.

- Este horario será **flexible** tendo en conta as características dos nenos e nenas e a súa evolución na entrada á escola.

### **Escola de Berdillo**

Tal e como se recolle na lexislación, para facilitar a adaptación á escola dos nenos e nenas de 3 anos na Escola de Berdillo flexibilizamos o horario do seguinte xeito:

Xoves 12, venres 13 e luns 16 veñen:

De 10 a 11.30 h: Xabi, Andrea e Aarón.

De 12 a 1.30h : Elias,Daniela, Emma e Lorena.

Martes 17 e mércores 18 : todos de 10 a 12 horas.

Xoves 19 e venres 20 : todos de 10 a 1h.

Luns 23 e martes 24 : todos de 9 a 1h.

O mércores día 25 e sucesivos días todos de 9 a 2 horas.

### **Escola de Mirón**

O horario de período de adaptación dos nenos /as de 3 anos

5. Xoves 12 de 10 a 11:30h. (Lucía, Marcelo, Segio, Lía, Matías) Grupo A

12 a 13:30. ( Daniela, Pablo, Julia, Alejo, Mara) Drupo B

6. Venres 13 de 10 a 11:30 ( ( Daniela, Pablo, Julia, Alejo, Mara) Drupo B

12 a 13:30. (Lucía, Marcelo, Segio, Lía, Matías) Grupo A

7. Luns 16 de 10 a 11:30h. (Lucía, Marcelo, Segio, Lía, Matías) Grupo A

12 a 13:30. ( Daniela, Pablo, Julia, Alejo, Mara) Drupo B

8. Martes 17 e Mércores 18 todos de 10h. A 12h.

9. Xoves 19 e venres 20 todos de 10 a 13h.

10. Luns 23 e Martes 24 todos de 9 a 13h.

### **Escola de Rega**

No presente curso 2013-14 incorpóranse na escola de Rega 6 alumnos novos de 3 anos, para os que se tomarán as seguintes medidas cara a facilitar a súa adaptación:

- O luns 9 de setembro celebrense unha xuntanza coas familias para explicar o porqué e o cómo deste período, dándolles consellos para facilitar o proceso.
- O mércores 11 non asistirán a clase, deixando ese día para a incorporación e adaptación dos maiores
- Nos días 12 e 13 asistirán de 10 a 11'30h-12h dando a posibilidade de que estean acompañados dun familiar si así o precisaran.
- A partir do día 16 ata o 24 irán aumentando a súa permanencia na escola de xeito gradual, respectando o ritmo e necesidades de cada neno.

-Os horarios de recreo serán mais flexibles e a titora apoiará aos especialistas se é preciso para que os alumnos vaian familiarizándose con eles de xeito gradual.

- A partires do 24 de setembro todo o alumnado terá o horario completo, de 9h a 14h.

### **Escola de Sísamo**

#### **Período de adaptación**

Mércores día 11 NON veñen á escola.

Xoves día 12, de 10 a 12 horas.

Venres día 13, de 10 a 12 horas.

Luns 16 de, 10 a 13 horas.

Martes 17, de 10 a 13 horas.

Mércores 18, de 10 a 13 horas.

Xoves 19, de 10 a 13 horas.

Venres 20, de 10 a 13 horas.

Luns 23, de 9 a 13 horas.

Martes 24, de 9 a 13 horas. Este horario é orientativo e pódese adaptar.

**Escola de Xoane:**

### **ORGANIZACIÓN PARA O PERIODO DE ADAPTACIÓN**

O mércores 14 de setembro comeza o curso 2013-2014. Debido á mestura de niveis e etapas existentes na aula de Xoane, e co obxecto de preparar os alumnos/as dos niveis superiores, os alumnos de tres anos incorporaranse á escola un día despois, o xoves 13 de setembro cun horario reducido de 10 h. a 12 h. ata o venres 14 de setembro, con apoio dun mestre especialista.

Progresivamente irase ampliando o horario ata alcanzar o horario completo

Do luns 16 ao venres 20 ampliarase o horario reducido de 9 a 12 h.

Do luns 23 ao martes 24 ampliarase o horario de 9 a 13 h.

O día 25 remata o periodo de adaptación establecéndose o horario ordinario de 9 a 14 h.

**Durante o periodo de adaptación o titor estará presente na entrada e saída dos alumnos/as, así como na presentación dos/as mestres/as especialistas, e dentro do posible permanecerá como apoio dos mesmos.**

**e) O resto do mes de setembro e mes de outubro:**

-Faranse ás entrevistas persoais ás familias.

-Levarase a cabo un **APOIO** por parte do resto dos mestres/as do centro durante este período de adaptación .Dito apoio será organizado pola Xefatura de Estudos tendo en conta as dispoñibilidades horarias e a modalidade que resulte máis efectiva.

1. PARA COS NENOS/AS PROCEDENTES DOUTROS CENTROS:

**a) No curso anterior á incorporación o centro:**

O noso centro acoden nenos/as procedentes das unitarias que preferentemente se incorporan no 1º nivel do 1º ciclo de E.P. Para que eses nenos/as coñezan o centro o que se van incorporar, deseñaremos algunha/as actividades nas que poidan participar, ó longo do curso, de maneira que vaian coñecendo o centro.

**b) Durante a 1ª quincena de xuño:**

O equipo directivo adscribirá ós novos alumnos/a ó ciclo e curso que lles corresponda, en función do criterio da matrícula que haxa para cada ano.

**c) Durante os meses de setembro e outubro:**

O profesorado-titor convocará ós pais/nais dos alumnos/as novos/as ( se é necesario) a unha entrevista persoal na que se solicitará aquela información que estime pertinente.

## 2. ACTUACIÓNS PARA CO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN:

Sempre que un mestre/a se incorpore a un posto de traballo neste centro debe:

- Informárselle, por parte do equipo directivo, do funcionamento e organización xeral do centro, así coma das súas dependencias.
- Presentarase, de modo informal ó novo compañeiro/a ó profesorado “veterano” do centro para facelo logo, dunha maneira máis formal na primeira reunión do claustro que se celebre.
- Nos primeiros días, farán acompañados por un “veterano” a ruta das escolas, para coñecer os camiños.
- Proporcionaráselle o mestre/a novo unha carpeta con información básica sobre o funcionamento do centro (horarios xerais, o seu horario, calendario de reunións, gardas de recreo, información referente a súa titoría..).

### • SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN:

O seguimento do nivel acadado nos obxectivos así coma do funcionamento das distintas actuacións realizarase por parte do profesorado encargado de poñelas en práctica e no momento que estime pertinente. De tódolos xeitos, será necesario que emita un breve informe a fin de que poida realizarse unha avaliación do plan por parte do departamento de orientación.

**ANEXO DE MATERIAIS** ELABORADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DESTE PLAN:

**Ed. Infantil:**

Avaliaicón inicial aos pais.

Materiais de titoría: folletos para as familias entregados en xuño e en setembro.

**Ed. Primaria:**

*MESTRES: **Carpeta** con toda a documentación citada anteriormente e lista para entregar.*

**4.5 PROXECTO DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

As actividades deste curso 2013-1014 en referencia o apartado de extraescolares, vamos dividilas en tres apartados:

1-Saídas cos nenos, para que éstos coñezan o entorno que os rodea así coma distintas alternativas que non sempre se encontran a seu alcance.

2- Actividades de convivencia entre eles, para que se coñezan e se interrelacionen .

3- Favorecer a convivencia entre os profesores.



A hora de tratar todos estes aspectos, hai que ter en conta o lugar no que desempeñamos a nosa actividade, pois trátase dun centro formado por escolas unitarias separadas entre si e, ademáis dentro de cada escola atopámonos nenos e nenas de moi distintas idades que van dende os tres anos ata os oito.

### **1-Saídas.**

#### *1º trimestre*

-Celebración do Magosto o 8 de novembro. Xuntarémonos todas as escolas na unitaria de Sísamo e alí, faremos xogos e actuacións xunto ca tradicional toma de castañas.

-Saída o Pazo da Cultura para a audición dun concerto, familiarizando así os nenos ca música. (no caso de non ofertarse, haberá unha saída ao Teatro Colón coa actuación :La Flauta Mágica)

-Festival do Nadal: o vinte de decembro xuntarémonos todos no Pazo da Cultura para celebrar estas fechas tan tradicionais na nosa cultura. Para este día, contaremos ca presenza dos pais, favorecendo desta maneira a convivencia entre as familias e o claustro.

#### *2º trimestre:*

-Para a celebración do carnaval, xuntarémonos por zoas, de maneira que dúas ou tres escolas, xuntaranse nunha delas para celebrar xuntas dita festa. Desta forma non so favorecemos a relación entre nenos dunha zoa, senón tamén entre as familias.

-Saída a fábrica de lácteos “Feiraco” , donde os nenos se relacionarán co distantes procesos de transformación da leite.

*3º trimestre:*

-Celebración do día das letras galegas, para o cal xuntarémonos nun sitio e os nenos leeran poesía, veran teatro e, terán actuacións diversas, entre elas as duns gaiteros.

-Participación de todo o colexio ná semana do libro que o concello de Carballo celebra de maneira especial con todos los colexios do concello. Faranse traballos que despois se expoñerán e, posteriormente assistiremos a unha obra de teatro.

-O último día de curso, xuntarémonos nun pabellón e alí, o profesor de ximnasia en colaboración cos demais profesores, teremos unha xornada dedicada os deportes. -Entorno o 16 de xuño, teremos a excursión de fin de curso que consistirá nunha visita a unha ferverza da comarca e merenda na mesma, cunha posterior visita o museo do xoguete en Ponteceso, en donde teremos a ben comer e desfrutar dunha estancia a caron do río e en contacto ca natureza.

**2-Convivencia entre nenos e familia.**

Devandita acción, trataremos de xuntar os nenos, os cales pertencen a distintos pobos, nun sitio para que eles se coñezan, xoguen e entablen relación, para o cal os xogos, as actividades,...etc, que fagamos trataran de xuntar nenos de distintas escolas para que así saian desas relacións cotidiás e coñezan novos compañeiros.

Dende o centro buscarase tamén un maior encontro das familias entre sí, e tamén, cos profesores desenrolando así unha maior convivencia entre claustro e familias.

Non hai que olvidar que dende extraescolares favorecerase de forma especial o encontro entre a ANPA e o centro, para tratar de desenrolar actividades de forma conxunta, co fin de buscar un maior crecemento emocional e intelectual para o neno.

### **3- Convivencia entre mestres.**

Unha das pretensións do equipo de extraescolares é mellorar as de por si excelentes relacións entre os compañeiros, mediante xuntanzas, encontros, participación en actividades comúns e, celebración conxunta de diferentes actos.

Aparte de todo isto, procederemos tamén a celebración de outras actividades e festividades, coma o día da paz, o día da igualdade...etc. (As distintas conmemoracións de obrigado cumprimento lexislada na orde do clanedario escolar 2013-14)

(As actividades extraescolares organizadas pola ANPA están no apartado 5.2)

